



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 1 DE
DECEMBRO DE 2011**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS (que se incorpora ás 20:41 h. Punto 3º)

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA

Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e oito minutos do día un de decembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 13 DE OUTUBRO DE 2011.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE NOVEMBRO DE 2011.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A SUPRESIÓN DE CARGO COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL E Á DETERMINACIÓN DE NOVO CARGO COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE CONTROL HORARIO E PRESENZA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DA ESTRADA

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO AOS ORZAMENTOS DA XUNTA 2012 E A INCLUSIÓN NESTES DA AUTOVÍA

AG-59 NO SEU TRAMO ENTRE A RAMALLOSA E A ESTRADA E DA CIDADE DO MOBLE DE GALICIA

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A INSTAR A XUNTA DE GALICIA A DIVERSAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2010, LOGO DO PERÍODO DE ALEGACIÓNS

9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE PISO EN AVENIDA BENITO VIGO

10º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A DELEGACIÓN NO O.R.A.L. DA RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE OUTUBRO DE 2011, AMBOS OS DOUS INCLUIDOS.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 13 DE OUTUBRO DE 2011. Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 13 de outubro de 2011.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE NOVEMBRO DE 2011.

A Sra. Louzao Vieites sinala un erro no borrador da Acta:

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Revisando esa acta, na páxina 2 figura o punto 2º Proposición do grupo do BNG relativa á mellora do acceso á AP-53 do Alto da Rocha, a continuación dise que o secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Organización e na seguinte intervención polo Sr. Alcalde ponse de manifesto que non existe ditame da comisión informativa. Entón entendemos que foi un erro: simplemente que se copiou e pegou e entón simplemente que se clarifique.

Deste xeito a acta no 3 de novembro no seu punto 2º (“Proposición do grupo do BNG relativa á mellora do acceso á AP-53 do Alto da Rocha”), recolle ó comezo: “O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 30 de setembro de 2011”

Esta intervención non se produciu, polo que procedería aprobar a acta da sesión de 3 de novembro de 2011, eliminándoa.

Así se fai, por unanimidade de tódolos Concelleiros.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A SUPRESIÓN DE CARGO COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL E Á DETERMINACIÓN DE NOVO CARGO COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 24 de novembro de 2011

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: En primeiro lugar, agardabamos que dende o goberno se fixese unha defensa deste cambio, que non esquezamos que hai uns meses que se constituíu esta Corporación e entón hai uns meses que se dotaron as dedicacións. Estableceuse unha dedicación que en principio corresponde ao goberno facela, ten maioría para facela e o que é máis, sucede que como vemos ao longo das súas decisións este goberno caracterízase dende o seu inicio por unha improvisación total e absoluta. E o que non nos parece de recibo nin digno de presentar ante os veciños e veciñas é que se faga este cambio, e máis aínda tendo en conta que se constituíu unha gran concellería na que se levaba rural, cultura, medio ambiente e na que se levaban moitos servizos municipais, vinculados na maioría dos casos, como todos sabemos, ao rural. Pois só uns meses despois cambiamos todo isto, cámbianselle funcións e, vanme dicir que non, pero se non se lle quitan funcións, métese unha persoa máis. É unha concellería na que existe un coordinador, xa existía por outro lado dúas colaboradoras particulares e noutra rama da mesma concellería outra colaboradora particular, polo tanto parece improvisación total para esa grande concellería que se constituíra con grandes responsabilidades. Nomear unha persoa máis que na comisión se nos dixo que ía estar vinculado ás obras e servizos no rural e sen embargo aquí segue figurando en Alcaldía. Entón a nosa pregunta é, ¿por que a certos colaboradores particulares si se lles paga mentres a outros colaboradoras particulares non se lles paga? ¿por que se lle paga a un e ás outras non?. ¿Por que á persoa que coordina e suponse que leva o traballo pesado desa grande concellería que se creou se lle retira non só a dotación económica senón a dedicación? Polo tanto, todos sabemos que estamos a falar dun concelleiro que ten un horario determinado nunha administración pública e que para poder coordinar parece de recibo que teña dedicación, neste caso media dedicación teña. Dísenos que vai seguir tendo funcións de coordinación e sen embargo quítaselle o tempo de coordinación e non só iso, senón que ademais se están usando recursos públicos, é o que nos queda á vista desta improvisación e deste cambio como dicía en poucos meses, a idea que nos queda a nós é que se están a usar recursos públicos para solucionar problemas internos dentro do grupo do PP ou para solucionar problemas persoais dos concelleiros, pois non é de recibo que uns meses atrás se diga unha cousa, se xestione e se diga unha cousa en base a esa grande consellería, e uns meses despois se faga este cambio, non nos parece de recibo. Ademais cambio dunha dedicación por outra, soa moi fermoso, pero iso tamén implica un incremento de gasto para este Concello, polo tanto en principio argumentando o que acabamos de dicir que non nos parece lóxico que só uns meses despois se cambie cando a organización deste Concello deste Pleno estaba montada sobre esta gran concellería, non nos parece de recibo que para solucionar problemas internos do PP ou problemas persoais dos propios concelleiros se faga este cambio a día de hoxe, porque estamos a usar diñeiro público, estamos a usar os cartos dos veciños e veciñas para os que se vai xestionar; e se a persoa que vai xestionar non ten tempo para facelo, pois parécenos un pouco complicado.

Por este motivo, dende o grupo socialista imos votar en contra deste cambio que parece como dicía improvisación e mal uso de fondos públicos.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Como dixemos na Comisión de Organización, non nos parece lóxico este cambio nos recursos políticos do Concello, vai ser unha perda de eficiencia e eficacia destes recursos. Como ben dicía unha área de tanta importancia como sempre foi a do rural no noso Concello, se agora se baleira de contido e simplemente vai ter labores de coordinación..., para esta coordinación necesítase tempo. Se non ten esa coordinación non sabemos de onde vai quitar o tempo, moito nos tememos que o que se vai conseguir é unha falta de coordinación das áreas que afectan ao rural. Repetimos que estas áreas, se non todas, si deberían estar na súa maioría baixo a tutela dun representante político, sexa quen sexa. Repetindo o que dicía a compañeira, é unha falta de previsión que a dous meses de formar o goberno se reestruturen deste xeito as áreas de goberno.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Como ben dixo a Sra. Louzao, é facultade do alcalde organizar e delegar as funcións que lle vai outorgando o ROF. Neste caso, se os voceiros da oposición len detidamente cales son os cambios de funcións, en primeiro lugar o que se está tratando aquí é un cambio de dedicacións, non de funcións nin de delegacións. Pois se len o que se está facendo é que ao primeiro tenente de alcalde Juan Constenla, retránselle unhas cantas atribucións que lle tiñan delegadas como son obras e servizos e recupéraas a Alcaldía que pasa traballar con elas da man do que será concelleiro de obras e servizos, eventos e mercados. O primeiro tenente de alcalde seguirá coordinando a área do rural e o que se lle está quitando, en todo caso, é a retribución, non tempo. O tempo que poida dispoñer, como segue a facer, vai dar todo o que poida dar. Isto simplemente é facultade do alcalde que en función dos recursos humanos que ten en cada momento dos concelleiros que están no grupo de goberno, toma as decisións que considera necesarias.*

Sr. Alcalde: *Eu quería matizar algún aspecto que creo que é moi importante. Creo que non está moi entendido por parte dos voceiros dos grupos da oposición cal era a estrutura de traballo que había ata a actualidade, pois o concelleiro que tiña delegada a competencia de rural (posto que seguirá desempeñando coa mesma eficacia e eficiencia) non está percibindo nin un só euro da súa dedicación, por tanto non fixo uso da súa dedicación parcial, polo tanto non existe incremento de custo; o único que existe é que durante estes seis meses houbo unha dedicación parcial que o concelleiro non fixo uso dela. Polo tanto, a Alcaldía en vista da organización interna do propio Concello entende que obras e servizos require unha atención concreta e clara e por iso se recupera obras e servizos para a Alcaldía e se propón como colaborador nesa materia a outro concelleiro do goberno local. Entendo que é fácil de entender e dende logo o traballo que viña facendo o concelleiro coordinador do rural seguirá exactamente como ata o de agora, asumindo as súas funcións con total profesionalidade como vén facendo e traballando incluso en horario de apertura e en horario de tarde como está facendo ata o de agora, o que eu creo que ten aínda máis mérito, por iso creo que é digno de mención e recoñecemento. Polo tanto non hai maior custo, o que hai é unha minoración do custo que había con respecto ás dedicacións do goberno anterior. Hai unha rebaixa de máis do 15% con respecto a que custaba a todos os veciños a administración e o goberno municipal do goberno bipartito anterior. Sei que é difícil de asumir, pero daquela por unha dedicación parcial un concelleiro cobraba 24.000 € e agora cobra 20.000 €, daquela o alcalde cobraba 62 e agora cobra 42, esa é a realidade difícil de asumir por algúns pero iso é así e o que está claro é que este goberno lle custa menos aos veciños e polo tanto será o máis eficaz e eficiente, e iso implicado dentro do que son as atribucións da Alcaldía e as decisións que se toman no lexítimo dereito desas funcións para organizar o traballo da mellor forma posible e para estar en todo o máis próximos posible aos nosos veciños e estar máis preto dos seus problemas e intentar neste momento de dificultade económica intentar ser un goberno útil, é o que nos leva a tomar estas decisión e o que é a guía no noso traballo no día a día, por iso entendemos que este cambio é para seguir traballando nesa cercanía e nesa mellora dos servizos e por iso entendemos que é necesario facelo.*

Sometido o asunto a votación, adóptase o seguinte Acordo con once votos a favor (PP) e dez en contra (PSdeG – PSOE e BNG):

-Visto o Acordo plenario de 11 de xullo de 2011 no que se determinou como de dedicación parcial o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Obras e servizos municipais no Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente.

-Visto que esta Alcaldía considerou oportuno modificar o réxime de delegacións e colaboracións particulares coa Alcaldía, ditando para isto o correspondente Decreto en data de 16 de novembro de 2011.

-Deixando constancia que dende que se adoptara o Acordo plenario de 11 de xullo de 2011, o Concelleiro que ostentaba o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Obras e servizos municipais no Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente, D. Juan Manuel Constenla Carbón, non recibiu remuneración algunha.

-Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

- Visto o Intervido e Conforme da Intervención Municipal de data 17 de novembro de 2011.

ACORDAMOS:

1º.-Suprimir a determinación como de dedicación parcial do cargo de Primeiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Obras e servizos municipais no Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente.

2º.-Determinar como de dedicación parcial o cargo de Concelleiro designado para colaborar particularmente coa Alcaldía nas Áreas de Obras e servizos, Eventos e Mercados.

3º.-O réxime de dedicación mínima será do 40 % do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes 15 horas semanais se desenvolverán cun horario flexible, preferentemente de mañá.

4º.-Establécese a contía a percibir en 20.000 euros brutos anuais. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

5º.-Para que este Acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas,

resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptarase previamente o Acordo plenario que puidera corresponder.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE CONTROL HORARIO E PRESENZA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DA ESTRADA O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 24 de novembro de 2011.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Imos facer unha intervención neste punto pero non sen dicir que é un sistema un pouco interesante o de que nós falemos e despois se nos dea unha réplica á que non temos dereito a réplica. Paréceme ben que o Sr. Alcalde faga uso da palabra e ten dereito a el, pero tamén ser un pouco comedidos e non faltar á verdade.

Sr. Alcalde: Perdoe un segundo Sra. Louzao, se algún dos intervintes ten algo que dicir ten o micrófono á súa disposición. Eu creo que o regulamento pono claramente quen abre e pecha os debates, quen ten esa potestade é o Alcalde que é o que dirixe o Pleno, polo que se ten algún tipo de problema é o que establece o regulamento establecido para este tipo de debates. Estou intervindo porque... Parece que hai algún concelleiro que quere opinar... Para aclarar o tema, non é primeira vez que se fai neste debate, pois a lexislatura pasada fíxose con moita asiduidade, o cal é razoable, e está dentro do debate e dentro da valoración deste tipo de debates, polo que se alguén ten algo que dicir e quere intervir, pois terá a súa oportunidade.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Pois como eu quería dicir, e se me escoitou o meu argumento, eu dicía que vostede está no uso do seu dereito como alcalde a facer isto, pero tamén eu estou no uso do meu dereito a expresarme durante a miña quenda de palabra que creo que segue sendo esta, se vostede o considera pertinente.

Falabamos do Regulamento de control horario e presenza dos empregados públicos. Efectivamente, hai un control horario que é moi importante e tamén para a atención aos veciños que vostede dicía que é importante estar a carón dos veciños que é pola mañá. Se lle sacamos a unha persoa que leva a maior parte dos veciños a atención que é pola mañá, se lle quitamos o horario no que está aberto o Concello igual o control horario para os funcionarios é moi importante pero tamén para que os veciños poidan servirse diso, por iso hai un horario no que poidan vir ao concello a falar cos políticos, cos que teñen dedicación e non só cos funcionarios. Polo tanto non vou volver sobre o outro tema, aínda que poderíamos facelo, pero imos seguir falando do control horario. Estamos de acordo en que se faga pero tamén en que se faga un regulamento, pois así o di a lei e hai que telo se se pretende facer un control. E tamén, Sr. Blanco, que tamén xa me chegou o correo electrónico; chamoume un pouco a atención que fose un informe de Secretaría en vez dun informe do Departamento de Persoal, pero vexo que tamén vai avalado polo concelleiro de persoal, pero dicir que por unha vez si me chegou o seu correo. Entón o Regulamento falabamos de que é necesario telo, estamos de acordo aínda que non se nos aclarasen na comisión certos temas que é importante saber, como quen vai tratar estes datos, quen os vai ter, quen vai estar habilitado, quen non, e ímolo tratar no punto seguinte. Entón, estamos de acordo que ten que habelo, estamos ao tanto de que foi tratado cos representantes do persoal e que están de acordo con que ten que habelo, polo tanto dende este grupo imos votar a favor da existencia deste regulamento agardando que se faga o que se dixo na Comisión, que é desenvolveo correctamente e saber quen vai ter esas responsabilidades, que consecuencias vai ter para o Concello e demais, polo tanto como xa dixen imos apoiar a creación dese Regulamento pois así o indica a lei.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Simplemente quero indicar que vou manter o sentido do voto naquela comisión e que vou manter o acordo que adoptamos naquela comisión, de non tratar certos temas.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Xa adiantándonos logo un pouco ao punto de creación de ficheiros, tal e como se indicou na comisión as persoas encargadas de desenvolver os datos serán desenvoltas mediante un documento de seguridade en canto se desenvolva este. Paso previo é a creación do regulamento dos ficheiros que falaremos máis adiante e que se fará mediante ordenanza e non como fixemos ata o de agora mediante decretos. Se lles parece; e se queda algunha dúbida, no seguinte punto votamos os documentos de seguridade.

Finalmente, adóptase por unanimidade o seguinte Acordo:

- Vista a proposta da Concellería de Organización e Persoal de data 18.11.2011.
- Vista a evidente conveniencia de dotar ó Concello da Estrada co seu Regulamento de Control de horario e Presenza dos empregados públicos do Concello da Estrada.
- Vista a competencia do Pleno da corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2f) da Lei 7/85.
- Visto o informe emitido pola Secretaría do Concello con data 25.11.2011.

ACORDAMOS:

1º- A aprobación do Regulamento municipal de control de Horario e Presenza, segundo consta no anexo do presente Acordo.

2º- Publíquese anuncio do presente Acordo no Taboleiros de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días.

3º- Tralo preceptivo trámite de información pública e , de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prezo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente aprobado”.

REGULAMENTO DE CONTROL HORARIO E PRESENZA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DA ESTRADA

Artigo 1: Obxecto

A presente normativa ten por obxecto regular os medios, actuación e procedementos a seguir para o control do cumprimento da xornada de traballo e horario.

Artigo 2: Ámbito

Todo o persoal que presta servizos no concello da Estrada está sometido ao control de puntualidade, asistencia e permanencia. As instrucións contidas no presente regulamento serán de aplicación a todos/as os/as empregados/as públicos que prestan os seus servizos no Concello da Estrada, tanto os suxeitos/as ao réxime funcional como ao laboral.

Artigo 3: Garantías

A información obtida por parte do Concello da Estrada terá uso exclusivamente para os fins previstos no presente regulamento e o control do cumprimento horario.

Artigo 4: Obrigas

4.1. Todo o persoal terá a obriga de fichar tanto ao comezo como ao final da cada xornada, así como cada vez que se abandone o centro de traballo.

4.2. Cando por causas técnicas, non puidese ser utilizado o sistema de control de horario, o control de puntualidade, asistencia e permanencia realizarase mediante os sistemas substitutorios fixados polo Departamento de Persoal, que, no seu caso, deberán cumprimentarse obrigatoriamente por todo o persoal.

4.3. Dito Departamento facilitará a cada empregado/a a información precisa para executar o plan de control de horario, por medio da persoa recollida na inscrición do correspondente ficheiro, ou por aquela outra que en cada momento se atope legalmente habilitada.

Artigo 5: Responsabilidades

5.1. A responsabilidade directa do cumprimento da xornada e do horario de traballo corresponde a cada un dos/as empregados/as, estando obrigados á utilización correcta dos medios existentes para o control de asistencia e puntualidade, así como a rexistrar todas as entradas e saídas.

5.2. Os responsables dos distintos servizos colaborarán no control do persoal adscrito ao mesmo, sen prexuízo do control horario asignado ao Departamento de Persoal.

5.3. Calquera manipulación non autorizada dos terminais dará lugar ás responsabilidades que correspondan segundo a normativa aplicable.

Artigo 6: Medidas de control

O seguimento do cumprimento do horario realizarase por un dos seguintes medios:

Marcaxe electrónica

Vía fax ou outro medio técnico de control

Parte de incidencias (cando os anteriores non fosen posibles)

Marcaxe electrónica: Os/as traballadores/as rexistrarán na terminal electrónica todas as entradas e saídas do centro de traballo que se determinan neste regulamento, así como nas instrucións de fichaxe e que estarán asociadas a unha incidencia con su correspondente código ou pegada.

Vía fax: Os/as traballadores/as que se rexan por este sistema (edificios municipais anexos cun número reducido de empregados: arquivo, colexios públicos e praza de abastos, procederán a reflectir as súas entradas e saídas nun documento estipulado e asinado, enviado vía fax ao Departamento de Persoal onde constará o día e a hora.

Parte de incidencias: cando, por calquera causa, exista a imposibilidade de fichaxe ou se produza algunha incidencia non rexistrada nas terminais deberase cumprimentar un parte de incidencias por cada Centro de Traballo onde se reflecta o nome e apelidos de cada traballador/a, a hora de entrada ou saída e a sinatura, parte que será remitido ao Departamento de Persoal.

Artigo 7: Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO AOS ORZAMENTOS DA XUNTA 2012 E A INCLUSIÓN NESTES DA AUTOVÍA AG-59 NO SEU TRAMO ENTRE A RAMALLOSA E A ESTRADA E DA CIDADE DO MOBLE DE GALICIA

O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 24 de novembro de 2011

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Como todos os membros deste Pleno sabemos, esta moción naceu non na comisión senón no Pleno pasado cando o grupo socialista entendeu que era responsabilidade desta Corporación Municipal, de todos os grupos, intentar facer que a Xunta lle dese aos veciños e veciñas da Estrada o que lles tiña comprometido, o que o grupo de goberno entendeu que non era urxente (tratar os temas que eran da Xunta para A Estrada). Por que fixemos así?, porque entendiamos que o feito hoxe aquí se puido ter feito na sesión pasada e teriamos un mes de traballo avanzado de negociacións coa Xunta e de traballo en favor dos veciños e veciñas. Ao fin e ao cabo o único que se pedía aquí era que todos os grupos pedísemos que A Estrada tivese aquilo que xa dixo no 2011 que ía conceder, que eran investimentos para a autovía e agora se aumentou, a petición do BNG, para a Cidade do Moble, para que fixese o que xa dixo no ano 2011 que ía facer no 2012. O único que se buscaba era un traballo en conxunto para poder ir á Xunta co aval de toda a Corporación, xa que o Sr. Alcalde goza de boa reputación, segundo deixa ver na prensa, ó ser da mesma cor política que a Xunta, que puidese ir co aval de todos, estabamos poñéndolle nese momento unha carta boca arriba co aval de todos. Ben, pois naquel momento considerouse que non era urxente nin necesario e efectivamente aos partidos non nos quedou outro remedio que intentar utilizar as ferramentas que temos á nosa disposición, que é chegar aos orzamentos da Xunta a través dos grupos parlamentarios. Todos sabemos como se fai iso, todos sabemos que todas as agrupacións queremos que pidan para o noso concello, polo tanto ao mellor o que se pide dese xeito non é o que se desexa pedir, pero pídesse con lóxica e consciencia do que se está a facer. Insisto, o que queremos facer no Pleno pasado é poñer unha carta enriba da mesa para que o alcalde puidese en representación dos veciños/as da Estrada ir á Xunta e reclamar o que se considera de recibo e o que xa tiñamos comprometido, que é a autovía e a Cidade do Moble. Investimentos importantes porque xa nos correspondían de acordo ao que se falaba nos proxectos e orzamentos de 2011 e demais. Pola contra, nós dabámoslle a man e o que recibimos é unha labazada do Sr. Alcalde dicindo que o único que pretendiamos era facer oportunismo e demagogia e demais. Cousas que xa nos ten acostumados e os veciños e veciñas tamén, porque xa din que esas son as noticias do Alcalde na radio todos os días; e quere que fagamos oposición en vez de aceptar a carta branca que lle poñen enriba da mesa; despois non nos fale vostede de vir aquí con bo talante e con iniciativas e demais, porque vostede estanos tirando sempre para atrás. Nin sequera o pensou, tanto nesa como na outra que se presentou en poder facer unha moción conxunta (como a posteriori se fixo). E segue a nosa man tendida enriba da mesa como creo que quedou patente na comisión para levalo adiante, para intentar defender os intereses dos veciños e as veciñas, pero hai quen di que logo somos nós os que creamos mal ambiente e os que imos por aí criticando e demais. Como dicimos, nós o que queremos facer era iso, parécenos ben que se chegase a unha moción conxunta e de consenso, pois esa é a lóxica para defender a postura dos veciños e veciñas, así como engadir neste caso a proposta do BNG sobre a Cidade do Moble, coa que todos estamos de acordo e consideramos que é necesario que se faga un investimento importante, así como hai outros investimentos que a Xunta nos tiña dalgún xeito ofrecido e que non se ven reflectidas nos orzamentos, pero chegado o momento todos cremos que debemos influír no que cremos que pode ser máis vantaxoso na economía local, e cremos que o máis vantaxoso pode ser a continuidade da Autovía AG-59 e dende logo tamén a Cidade do Moble, polo que evidentemente imos votar a favor desta moción, unha moción que, insisto, naceu co ánimo de dar unha carta ao alcalde para que puidese presionar co respaldo de toda a Corporación, e se naquel día non se colleu, se hoxe o considera pertinente, agardamos que como vostede dixo na radio “isto total non serve para nada”, agardamos

que sirva para algo, que con isto na man teña capacidade e as ganas de ir á Xunta e defender o que é dos veciños e veciñas, polo tanto insisto aquí está novamente a nosa man tendida para traballar a favor das veciñas e veciños como tantas outras veces temos feito.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: En primeiro lugar temos que felicitarnos por chegar a un acordo conxunto no que respecta á autovía e a Cidade do Moble, pero apenarnos pois non puidemos chegar a acordo noutros dous puntos que propoñía o BNG: un era a residencia do Centro de Día, se ben aquí eu xa aclarei que viamos complicado que se puidese levar a cabo no 2012 pero que tiñamos que ter en vistas facelo no 2013, entón poderíamos chegar a un acordo no 2012 para solicitar que no 2013 os orzamentos da Xunta contemplan esta residencia e Centro de Día. E o outro punto no que non fomos capaces de chegar a acordo foi a Torre e Pazo de Guimarei. Falábase de que había que priorizar, nós na comisión dicíamos que era urxente e prioritaria esta obra porque se está caendo e aquí deixo sobre a mesa outro posible acordo para as tres forzas políticas e se non se pode neste Pleno, facelo proximamente, que sería solicitar á Xunta de Galicia, á Consellería de Cultura que declare o Pazo anexo a Torre de Guimarei como ben de interese cultural (BIC). Un dos problemas que se falaba na Comisión de Organización para exercer este dereito de retracto era que o pazo non estaba declarado ben de interese cultural, e entón para axilizar estes traballos e para que no 2013 o Concello da Estrada poida contar con estas dúas obras de interese histórico e cultural como son o Pazo e a Torre de Guimarei, pedimos o acordo de todas as forzas para que o Pazo de Guimarei se declare ben de interese cultural e agardo tamén que, como se falou nesa comisión, que se poña en contacto cos propietarios para que actúen e fagan todo o posible para manter en perfecto estado estes edificios e o entorno dos mesmos.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: En canto ao discutido o outro día sobre a ausencia das mocións, xa quedou claro o dobre raseiro do grupo socialista, aparecendo de súpeto con mocións de urxencia cando momentos antes alegaba a improvisación deste grupo municipal. Xa digo, un dobre raseiro que se ve nesta proposta que se ese día preséntase pola mañá, pódolle asegurar que seguramente non habería problema, pois con esta moción ao igual que coa de asuntos sociais, que casualmente lle pasara o PSOE e non lle pasara información ao PP, parécenos un pouco estraño cando menos. Tamén nos parece estraño que promova unha moción na que se solicita 5,4 millóns de euros para a Autovía AG-59. O xoves chegamos a un acordo, o xoves; e o domingo vemos na prensa que pide se aumente a consignación ata 700.000 €. Entón, xa non sei o que temos que votar se 5,4 ou 700.000 €. O mesmo podemos dicir da Cidade do Moble que chegamos a un acordo para pedir 3,5 millóns e vostedes por medio do seu grupo parlamentario solicitan 300.000 € pero a pesares diso, si votaremos a moción e toma de acordo.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Parécenos moi ben a intervención do Sr. Blanco, pero dende logo agardamos algo máis do goberno que unha simple crítica. Agardamos que tamén sexan capaces de interesarse polas preocupacións dos veciños, que tamén sexan eles os que traen esas mocións a este Pleno, que son os que fan a orde do día, e que poden traer mocións por urxencia si, pero a oposición tamén. Está no ROF ese que a vostede lle gustou mencionar antes, pois está aí tamén a posibilidade esa. Por outro lado, vostedes tamén o escoitarían, supoño, pois non farían un exercicio de “collo o que quero e o que non quero non o collo”. A emenda que o grupo socialista presentou despois de que no Pleno pasado se rexeitase sequera tratar o tema da autovía, presentouna o día 17 e ó acordo da comisión chegamos o día 24, hai uns días de prazo, pero como tampouco sabíamos se vostedes ían convocar comisión ou non ou ían deixar a moción aí, como xa pasou con algunha outra que se convocou dous plenos despois de que se tivesen metido por rexistro, evidentemente por responsabilidade deste grupo meteu unha emenda por medio deste grupo parlamentario. Tamén o poderían ter feito vostedes que teñen maioría absoluta no Parlamento e poderían ter metido unha moción dos cinco millóns dos tres millóns, do que sexa, pero facer algo en favor dos veciños e veciñas, máis que dicir que si estamos de acordo co que nos din da Xunta. Claro que estamos de acordo, pero tamén teremos personalidades da Estrada, teremos que facer valer para algo o Concello da Estrada, pois podemos facelo dun xeito ou doutro, pero agardamos algo máis do grupo de goberno de que veñan aquí criticar; xa non que o fagan na radio ou na prensa porque xa é habitual, pero que veñan ao Pleno facer algo

máis, que traían mocións neste aspecto parécenos ben, estamos de acordo en chegar a consensos e acordos para os intereses dos veciños, para facer presión conten connosco onde faga falta, non haberá problema pero tamén agardamos algo máis.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Simplemente sinalar que si se fixeron cousas dende aquí e penso que un dos resultados é que o Concello da Estrada, cun montante de aproximadamente 8,5 millóns dentro dos concellos da súa categoría, é o que máis presuposto acada da Xunta para os orzamentos do 2012.*

Sr. Alcalde: *Co ánimo de pechar este debate, comentar só que parece excesiva a crítica cando o que se buscaba era o acordo dos grupos municipais. Este goberno creo que dá unha lección dos intereses de todos os veciños, cousa que unha vez máis non acontecía noutros anos cando había que pedirlle a outro goberno doutra cor dende este goberno, creo que aí é onde se marca un pouco a diferenza entre a esixencia duns e outros. Tamén é certo que o que hai é que “a Deus rogando e co mazo dando”; unha moción pouca forza ten se non se está xestionando todos os días ante as administracións para conseguir recursos; e fondos e con esas cousas conséguese facer un campo de fútbol de herba sintética prometido en Callobre dende hai moitos anos, e cando houbo moitas oportunidades de facelo; e conséguese ensanchar a ponte de Pernaviva cando houbo moito tempo para facelo e non se fixo, e conséguese facer un montón de obras que están detrás das xestións; conséguese facer unha infraestrutura que xa lle podo participar que estamos xestionando para que non só veñan os servizos de emerxencia senón tamén que se desprace algún servizo máis a través do 061 co que sería aínda máis ambicioso o proxecto do que se pensaba inicialmente da Axencia Galega de Emerxencias do que era o que se pensaba orixinariamente, aínda que algún o queira ver dende detrás dun arame de espiño (e non é por alusións a ningún compañeiro do POSE); pero si é moi certo que é moi fácil frivolidar dende un pasquín político que o único que pretende é non achegar nada e criticar de forma inxustificable. Pero cada un no seu papel, e dende logo eu respecto o traballo de todos, pero o que si está claro é que ese debate que non lle quedou máis remedio que levar a través do grupo parlamentario é que aí é onde se debaten os orzamentos e non no Pleno da Estrada. No Parlamento de Galicia é onde se fan os orzamentos e onde os grupos parlamentarios defenden uns orzamentos que para A Estrada superan os 8,5 millóns de euros; que leva consignación orzamentaria para o maior investimento en obra civil da Xunta de Galicia en Galicia, 7 millóns de euros para a Axencia Galega de Emerxencias; que leva 600.000 € para garantir o inicio das obras do CEIP Pérez Viondi prometido e re-prometido en múltiples ocasións e que se vai facer unha realidade no momento máis difícil, no peor momento de todos, pero que vai ser unha realidade; onde hai garantidas tamén obras para continuar co proxecto da Autovía Santiago – A Estrada, nun momento moi complicado pero que seguimos mantendo o noso esforzo e o noso compromiso para que sexa unha realidade; e onde hai unha aposta importante por un concello que por unha vez na Historia triplique ou cuadruple a gran maioría dos concellos do noso contorno cando sempre foi comparado con eles. E nestes orzamentos precisamente algo que non se di pero que durante moitos anos se criticou que hoxe podemos dicir que quintuplicamos os investimentos que fixeron os nosos concellos desta comarca e doutras comarcas veciñas, por non nomear a ningún. Por iso, non estando satisfeitos, pois nunca se está satisfeito, e sabendo que debemos seguir traballando para conseguir eses proxectos que para nós son vitais como é a autovía a Santiago, e a ampliación do solo industrial, e a aprobación do PXOM que son os tres piares angulares, seguiremos traballando e intentando conseguir para A Estrada todo o que sexa posible e todo o que permita revitalizar a actividade económica e sobre todo xerar emprego que neste momento é unha función importante e de todos os que estamos representados nesta Corporación Municipal. Por iso entendo que esta iniciativa é un paso máis desta Corporación e agardo que todos sigamos xuntos da man para reclamar todas esas infraestruturas. Por suposto este goberno estará, e eu creo que tamén a oposición tamén saberá ocupar o seu papel, estou convencido.*

Sometido o asunto a votación, resulta adoptado por unanimidade o seguinte Acordo:

Nestes momentos difíciles economicamente, para os nosos veciños, e especialmente para os sectores produtivos, as administracións deben cumprir os seus compromisos. Por un lado, pola importancia das inversións traducidas en traballo e movemento dentro do sector produtivo, e por outro para xerar confianza e expectativas de futuro á cidadanía.

No noso Concello dous dos grandes proxectos de inversión, e ao tempo de apoio á economía local son a construción da Autovía AG-59 no seu tramo entre A Ramallosa e A Estrada e a Cidade do Moble. Estando iniciados dende a Xunta os trámites da ampliación da AG-59 e da Cidade do Moble, modificáronse os prazos quedando comprometidos nos Orzamentos do 2012 anualidades para a execución dos citados proxectos. Ámbolos dous proxectos teñen suscitados acordos unánimes no Pleno esixindo a súa posta en funcionamento no horizonte do 2013.

En reiteradas ocasións os dous proxectos teñen suscitados compromisos verbais por parte de responsables dos distintos gobernos da Xunta de Galicia. Nos orzamentos de 2012, non se ven suficientemente reflectidos estes investimentos por parte da Xunta.

Polo exposto, os grupos políticos da Corporación do Concello da Estrada

ACORDAMOS:

1. Instar á Xunta de Galicia, a cumprir o compromiso adquirido cos veciños e veciñas da Estrada nos Orzamentos do exercicio 2011, que recollían unha inversión en 2012 de 5,4 millóns de euros para a construción da Autovía AG-59 no seu tramo entre A Ramallosa e A Estrada.
2. Instar á Xunta de Galicia, a cumprir o compromiso adquirido cos veciños e veciñas da Estrada nos Orzamentos do exercicio 2011, que recollían un investimento en 2012 de 3,5 millóns de euros para a construción da Cidade do Moble na Estrada.
3. Modificar o borrador de orzamentos da Xunta de Galicia 2012, incluíndo nos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas as partidas referidas, así como as anualidades seguintes correspondentes.
4. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 24 de novembro de 2011.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Como xa falamos na comisión, parécenos importante cumprir coa legalidade e neste caso coa legalidade de protección de datos. E para o mesmo, se é certo que xa existían e estaban creados estes catro ficheiros, pero se se considera dende Secretaría que é máis importante levalo a Pleno, pois sen ningún problema. Estes ficheiros son importantes, pero tamén o é a súa xestión como xa nos dixo neste caso o Sr. Blanco na comisión, xestión da que se nos informará en canto estes estean creados e se

faga o desenvolvemento dos mesmos, polo tanto agardamos as explicacións e os datos que vai ter para o Concello responsabilidades e demais. Polo tanto como xa dixemos, se ben xa existían, imos continuar estando a favor pois é cumprir coa legalidade vixente.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: *Eu reitero as palabras da compañeira do grupo socialista, pois agardamos ter canto antes toda a documentación que falta por que é importante.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Despois de aprobar os ficheiros de datos, hai que proceder á súa inscrición e elaborar os documentos de seguridade. O que si me causa estrañeza é que o goberno anterior tivese dado de alta catro ficheiros e non se preocupase de quen os manexaba, de crear documentos de seguridade e que toda preocupación e présa lles veña agora, cos que se pretende crear. Por suposto que se van elaborar os documentos de seguridade para todos os ficheiros que se darán de alta agora e os existentes.*

Finalmente, adóptase por unanimidade o seguinte Acordo:

-Vistas as previsións do artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos no que se sinala que "a creación, modificación o supresión dos ficheiros das Administracións públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou Diario Oficial correspondente".

-Visto o artigo 52 do RD 1720/2007 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da mesma.

-Vista a competencia plenaria para aprobación das disposicións de carácter xeral, de conformidade co artigo 22.2.b) e 49 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

ACORDAMOS:

1º.1-Aprobar inicialmente a Ordenanza de creación dos seguintes ficheiros de datos:

---a) XESTIÓN DE RECURSOS HUMÁNS

---b) XESTIÓN DE NÓMINAS.

---c) XESTIÓN ECONÓMICA

---d) PADRÓN

1º.2.-As características dos ficheiros son as que figuran como anexo do presente Acordo.

1º.3.-Os ficheiros rexerese polas disposicións xerais e instrucións que se detallan, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

1º.4.-En cumprimento do artigo 55 do RD 1720/2007, os ficheiros serán notificados á Axencia Española de Protección de Datos para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos, no prazo de 30 días dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia da aprobación definitiva da Ordenanza de creación.

2º.-Publíquese anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presenta-las reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días.

3º.-Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado”.

ANEXO

a) Ficheiro: XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos

a.1) Identificación do ficheiro: Xestión de Recursos Humanos

a.2) Finalidade e usos previstos: A finalidade do ficheiro é axestión do persoal, formación, promoción e selección de persoal, oposicións e concursos e control horario.

b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia

b.1) Colectivo: Empregados.

b.2) Procedencia: O propio interesado ou seu representante legal.

Estrutura básica do ficheiro e sistema de tratamento utilizado na súa organización.

c.1) Estrutura:

Datos identificativos: Datos persoais, NIF/DNI, SS/Mutualidade, Nome e apelidos, enderezo, teléfono, nº de rexistro de persoal, firma/huella, características persoais, datos académicos e profesionais, detalles do emprego.

c.2) Sistema de tratamento: Fichero automatizado.

d) Comunicacions dos datos previstas, indicando, no seu caso, os destinatarios ou categorías dos destinatarios: Non hai previstas cesións ou comunicacions de datos.

e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países, con indicación, no seu caso, dos países de destino dos datos: Non hai previstas transferencias internacionais de datos.

f) Órganos responsables do ficheiro: Concello da Estrada. Alcaldía Municipal.

g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello de A Estrada

Alcaldía Municipal

Plaza da Constitución nº 1. 36680 A Estrada.

Tfno: 986570030 Fax: 986570233

concello@astrada.com

h) Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible, de acordo co establecido no título VIII do RD 1720/2007: Nivel Básico.

b) Ficheiro: XESTIÓN DE NÓMINAS

a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos

a.1) Identificación do ficheiro: Xestión de Nóminas.

a.2) Finalidade e usos previstos: A finalidade do ficheiro é a xestión das nóminas.

b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia

b.1) Colectivo: Empregados.

b.2) Procedencia: Do propio interesado.

Estrutura básica do ficheiro e sistema de tratamento utilizado na súa organización.

c.1) Estrutura:

Datos identificativos: Datos persoais, NIF/DNI, SS/Mutualidade, Nome e apelidos, enderezo, teléfono, nº de rexistro de persoal, características persoais, datos económicos, financeiros, de seguros, académicos e profesionais, transaccións de bens e servizos e detalles do emprego.

c.2) Sistema de tratamento: Ficheiro automatizado.

d) Comunicacions dos datos previstas, indicando, no seu caso, os destinatarios ou categorías dos destinatarios: Organismos da SS, Facenda Pública e Administración Tributaria, Bancos e Caixas de Aforros, entidades aseguradoras.

e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países, con indicación, no seu caso, dos países de destino dos datos: Non hai previstas transferencias internacionais de datos.

f) Órganos responsables do ficheiro: Concello da Estrada. Alcaldía Municipal.

g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello de A Estrada

Alcaldía Municipal

Praza da Constitución nº 1. 36680 A Estrada.

Tfno: 986570030 Fax: 986570233

concello@astrada.com

h) Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible, de acordo co establecido no título VIII do RD 1720/2007: Nivel alto.

c) Ficheiro: XESTIÓN ECONÓMICA E CONTABLE

a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos

a.1) Identificación do ficheiro: Xestión Económica e Contable.

a.2) Finalidade e usos previstos: A finalidade do ficheiro é a xestión económica, fiscal e administrativa.

b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia

b.1) Colectivo: Provedores.

b.2) Procedencia: O propio interesado ou seu representante legal.

Estrutura básica do ficheiro e sistema de tratamento utilizado na súa organización.

c.1) Estrutura:

Datos identificativos: NIF/DNI, SS/Mutualidade, nome e apelidos, enderezo e teléfono, información comercial, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e de servizos.

c.2) Sistema de tratamento: Ficheiro automatizado.

d) Comunicacions dos datos previstas, indicando, no seu caso, os destinatarios ou categorías dos destinatarios: Organismos da SS, Facenda Pública e Administración Tributaria, Órganos xudiciais, Tribunal de Contas ou equivalente autonómico, Bancos e Caixas de Aforros, entidades aseguradoras,

e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países, con indicación, no seu caso, dos países de destino dos datos: Non hai previstas transferencias internacionais de datos.

f) Órganos responsables do ficheiro: Concello da Estrada. Alcaldía Municipal.

g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello de A Estrada

Alcaldía Municipal

Praza da Constitución nº 1. 36680 A Estrada.

Tfno: 986570030 Fax: 986570233

concello@astrada.com

h) Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible, de acordo co establecido no título VIII do RD 1720/2007: Nivel Básico.

d) Ficheiro: PADRÓN

a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos

a.1) Identificación do ficheiro: Xestión do Padrón

a.2) Finalidade e usos previstos: A finalidade do ficheiro é a xestión do Padrón de habitantes.

b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia

b.1) Colectivo: Cidadáns e residentes..

b.2) Procedencia: O propio interesado ou seu representante legal.

Estrutura básica do ficheiro e sistema de tratamento utilizado na súa organización.

c.1) Estrutura:

Datos identificativos: NIF/DNI, SS/Mutualidade, nome e apelidos, enderezo e teléfono, características persoais, datos académicos e profesionais.

c.2) Sistema de tratamento: Fichero automatizado.

d) Comunicaci3ns dos datos previstas, indicando, no seu caso, os destinatarios ou categorías dos destinatarios: Instituto Nacional de Estatística.

e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países, con indicaci3n, no seu caso, dos países de destino dos datos: Non hai previstas transferencias internacionais de datos.

f) Órganos responsables do ficheiro: Concello da Estrada. Alcaldía Municipal.

g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificaci3n, cancelaci3n e oposici3n:

Concello de A Estrada

Alcaldía Municipal

Praza da Constituci3n nº 1. 36680 A Estrada.

Tfno: 986570030 Fax: 986570233

concello@astrada.com

h) Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible, de acordo co establecido no título VIII do RD 1720/2007: Nivel Básico.

7º.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISI3N DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A INSTAR A XUNTA DE GALICIA A DIVERSAS ACTUACI3NS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO O

secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisi3n de Benestar Social de data 23 de novembro de 2011.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Dicir simplemente que, desgraciadamente, na nosa sociedade segue a ser unha lacra a violencia de xénero e a violencia machista. Dicir que tanto a violencia de xénero como a violencia doméstica, se ben hai que condenala, tamén hai que facer que as administracións acepten o seu papel; polo tanto parécenos importante e fundamental seguir chegando a acordos neste aspecto igual que fixo esta Corporaci3n nos últimos anos, pois é algo no que toda a sociedade debe estar unida e polo tanto igual que fixemos na comisi3n imos ratificar o noso compromiso contra a violencia de xénero e imos ratificar esta moci3n conxunta.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Simplemente indicar o fácil que foi chegar a un acordo, como non podía ser doutro xeito neste punto, pois neste punto igual que noutros moitos, son máis as cuesti3ns que nos unen que as que nos separan e son as que temos que explotar.

Dona Amalia Goldar, do PP: No mesmo sentido que expresan os voceiros dos outros grupos, estamos satisfeitos da primeira comisi3n que se fixo de Benestar Social. Chegouse á unanimidade nos acordos porque é un tema que, como dixemos todos, atañe a dereitos fundamentais e á vida das mulleres, e os poderes públicos debemos dar exemplo a estar unidos contra esta lacra social. Polo tanto, expreso a miña satisfacci3n por ter chegado a este acordo, e no manifesto, que se leu o día 25, así como na comisi3n. Recolléronse integramente o contido das achegas que se foron facendo, e como ben di o voceiro do BNG foi importante chegar a acordos neste tema.

Finalmente, adóptase por unanimidade o seguinte Acordo:

Dende a Corporación Municipal da Estrada queremos facer un chamamento toda a cidadanía contra a violencia de xénero: todas e todos debemos comprometer nos contra esta inmensa crueldade que se produce dor, medo e morte nas mulleres vítimas, en menores que a padecen e en familiares e amizades que a sufrirán de por vida.

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes na nosa sociedade poñendo de manifesto que falta moito camiño por andar ata rematar completamente coa discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

A sociedade española non pode nin debe tolerar este regueiro de vítimas directas e indirectas e cada persoa, cada familia, cada institución, cada comunidade, grande ou pequena, debe poñer todo o seu esforzo en erradicar a violencia machista.

Nos últimos anos déronse pasos importantes no eido legal, superando a visión que reducía o problema o ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e toda a sociedade.

A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes.

Dende a corporación municipal da Estrada queremos facer un especial recordo as 53 mulleres asasinadas durante este 2011 e queremos concienciar a toda a cidadanía para mobilizarse contra os maltratadores, porque o primeiro paso para previr a violencia de xénero é a sensibilización, a capacidade para detectala, e a conciencia crítica para non tolerala.

Por iso queremos involucrarnos nun compromiso público para a súa erradicación.

Tamén, manifestamos o noso compromiso político para continuar traballando pola prevención e o apoio e asistencia ás vítimas a través dos servizos específicos de atención que poñemos a súa disposición, garantindo a continuidade dos mesmos no ano 2012 e reclamando a outras administracións a axuda precisa para seguir executando este programa.

Co esforzo e compromiso de todos e todas conseguiremos erradicar a violencia de xénero.

ACORDAMOS:

1º.-Instar á Xunta de Galicia, como Goberno Autonómico con competencias en protección contra a violencia de xénero:

1. A ter en conta o art. 155 da Constitución Española que obriga as comunidades autónomas ao cumprimento das leis vixentes, a cumprir estritamente coa Ley Integral contra la Violencia de Género e a Lei Galega para a prevención e o tratamento integral da Violencia de Xénero.

2. A que a erradicación da violencia de xénero forme parte das prioridades, tanto na axenda política como na execución orzamentaria.
3. Que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice a formación das e dos profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público, cuestión tamén recollida na lei.
4. A que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento, en concreto a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.
5. Apoiar a conciliación e a empregabilidade feminina nas mulleres vítimas de violencia de xénero e das mulleres prostituídas.
6. Fomentar que, en materia de violencia de xénero, as accións estean baseadas nos principios da prevención, a atención e a integración social.
7. Continuar cas axudas económicas ás mulleres vítimas que lles garantan unhas condicións de independencia que lles permitan dar o primeiro paso ante unha situación na que corren perigo.

2º.-Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2010, LOGO DO PERÍODO DE ALEGACIÓNS O

secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión da Facenda e Especial de Contas de data 22 de novembro de 2011.

Sen intervencións, adóptase por unanimidade o seguinte Acordo:

Visto o expediente na devandita Conta, no que consta o ditame favorable da Comisión de Facenda e Especial de Contas de data 30 de setembro de 2011 e o preceptivo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 197, do 13 de outubro seguinte,

Rematado o período legal de exposición pública sen terse producido ningún reparo ou observación ó respecto da dita conta no prazo sinalado para tal efecto no anuncio de mención,

E de conformidade co disposto no artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004,

ACORDAMOS:

A aprobación da Conta Xeral do orzamento do exercicio de 2010.

9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE PISO EN AVENIDA BENITO VIGO O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión da Facenda e Especial de Contas de data 22 de novembro de 2011.

Por unanimidade de tódolos Concelleiros adoptouse o seguinte Acordo:

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de marzo de 2009 no que se aceptou a cesión por parte de Dona. María Ludivina Peña Rodríguez e D. Jesús Sánchez Calviño do piso da súa propiedade situado no nº 36 (antigo nº 32) da Avda. Benito Vigo, 2º esquerda. A cesión fíxose por 4 anos, con efectos a partires do 15 de marzo de 2009.

Visto que a cesión resulta aconsellable ós intereses municipais.

Considerando a posibilidade de introducir algunhas modificacións na cesión, sempre de común acordo co cedente.

Visto o informe de 27 de outubro de 2011 do Arquitecto Municipal, no que se plasma o estado no que se atopa o piso e, neste sentido, fundamentalmente faise unha remisión ó Informe elaborado con data de 26 de febreiro de 2010.

Visto o informe da Responsable técnica do departamento de Servizos Sociais de 7 de novembro de 2011, no que se sinala o beneficio que, en aras do interese público, a cesión tería para o Concello.

Vista a fiscalización do expediente por parte da Interventora municipal,

ACORDAMOS:

1º.- Aceptar a cesión do piso situado no nº 36 (antigo nº32) da Avda. Benito Vigo, 2º esquerda, propiedade de Dna. María Ludivina Peña Rodríguez e D. Jesús Sánchez Calviño. A cesión realízase nas seguintes condicións:

a) Trátase dunha cesión de uso, podendo o Concello darlle un destino que redunde na satisfacción do interese público e non na obtención por este dunha rendibilidade económica.

b) Non se inclúe dentro da cesión a segunda habitación do corredor a man esquerda de fronte ao entrar e pasar a cociña. A mesma continuará pechada con chave e precintada, tal e como se fixo o 6 de marzo de 2009 por parte do Arquitecto Municipal acompañado dos propietarios. Garda o propietario nela, segundo manifesta, mobiliario normal de carácter particular que, polo tanto, tampouco se inclúe na cesión. O dito mobiliario está composto de: 16 cadeiras, 4 mesas, 2 tocadores con armarios e espellos, 3 camas de castiñeiro e 4 láminas de camas aparte, 4 colchóns, 1 sofá, 2 sillóns e un sofá-cama

c) A cesión concluirá o 31 de decembro de 2025 ou polo pasamento de Dna. María Ludivina Peña Rodríguez ou D. Jesús Sánchez Calviño

d) A finalización da cesión poderá producirse en calquera outro momento, sen necesidade, sempre que medie o mutuo acordo das partes.

e) Ó remate da cesión, o Concello comprométese a devolver o piso nas condicións nas que o recibe segundo consta no Informe de 27 de outubro de 2011 do Arquitecto Municipal, tanto no relativo ó mobiliario e enseres, como no estado do inmovible e, sen prexuízo do razoable deterioro produto dun normal uso.

f) Tralo remate da cesión, e salvo que o mesmo se producira por mutuo acordo ou vontade unilateral do Concello segundo as previsións da condición letra m), o Concello disfrutará durante 1 ano dos dereitos de tanteo e retracto sobre a totalidade do piso, incluíndo, neste caso, tamén a habitación que non forma parte da cesión.

g) Calquera obra que o Concello pretenda realizar no piso, requirirá a previa autorización do propietario. Asemade, se é o propietario quen desexa realizar obras no piso durante o tempo de duración da cesión, deberá recabar a autorización do Concello. Exceptúanse da necesidade destas autorizacións, as obras que resulten imprescindibles para o mantemento da seguridade, salubridade e ornato público do inmovible. En calquera caso, toda obra que se acometa deberá contar previamente con tódolos permisos ou licenzas que resulten preceptivos.

h) Queda expresamente prohibida a tenencia de animais no interior do piso.

i) A propiedade ten dereito a visitar o piso, acordando co Concello a data e hora de visita cunha antelación de 15 días.

l) Serán por conta do Concello, dende o inicio da cesión ata o remate da mesma, os gastos de auga, sumidoiros, recollida de lixo, electricidade, gastos ordinarios de comunidade (cota da comunidade). Asemade, tamén serán por conta do Concello, os gastos relativos á póliza de seguros do piso (ou outra equivalente), que o propietario ten subscrita actualmente coa compañía Zürich (nº de póliza 00000047157227).

No relativo ós gastos por recollida de lixo, auga e sumidoiros, o Concello farase directamente cargo deles a modo de suxeito pasivo.

Mais en relación con tódolos gastos que lle corresponden, o Concello realizará as xestións que resulten precisas acadar pola súa parte o seu pagamento directo, evitando así as molestias que lle xeraría ó cedente o feito de que fora el quen realizara o pagamento nun primeiro momento, para despois ser resarcido polo Concello.

No caso de que se producira a finalización da cesión antes do remate do período para o que o Concello realizara algún dos pagos que lle corresponden, poderá esixir do propietario a devolución proporcional das cantidades oportunas.

m) En canto ós gastos extraordinarios de comunidade (derramas), tamén serán por conta do Concello. Non obstante, se traen o seu orixe en feitos (filtracións, incendios, accidentes, etc.) acaecidos antes do 1 de xaneiro de 2011, serán integramente por conta do propietario.

Cando se determine pola comunidade de propietarios un gasto deste tipo, o Concello disporá dun prazo de 3 meses a contar dende que se lle comunicara polo propietario ou pola propia comunidade, para optar entre asumir o gasto e continuar coa cesión, ou non asumir o gasto e resolver a cesión. Isto último farano sempre o Concello se o importe da derrama é superior ó valor do piso, de conformidade coas previsións do artigo 12.2 do RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Asemade, en calquera momento mentres non estivera completamente satisfeita unha derrama, o Concello poderá optar por non seguir asumindo o seu pagamento e resolver a cesión. Os pagos pendentes pola derrama serán xa de conta do propietario, se ben o Concello non terá dereito a que se lle reintegren os pagos que fixera ata esa data.

n) Serán por conta da propiedade o resto de gastos relacionados co inmovible, incluíndo o Imposto de Bens Inmóbles e cantos outros tributos recaían sobre o mesmo, así como os gastos xudiciais ou doutro tipo relativos ó inmovible.

2º.- As condicións recollidas nesta cesión serán de aplicación a partires do 1 de xaneiro de 2012, manténdose ata entón as previstas no acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de marzo de 2009.

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde para a realización de cantos actos sexan precisos para a plasmación efectiva do presente acordo.

10º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A DELEGACIÓN NO O.R.A.L. DA RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión da Facenda e Especial de Contas de data 22 de novembro de 2011.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Como manifestamos na comisión, imos apoiar esta cesión ao ORAL das multas de tráfico, pero ímola apoiar tamén confiando, como é unha cesión que se pode recuperar cando o concello decida, é unha cesión que se traballe con perspectivas de recuperala, non só pensando nesta senón pensando tamén na recadación doutros impostos como pode ser o IBI, posto que é importante, o Concello xa está recuperando o servizo de Recadación e Tesourería e é importante que traballe neste caso para aprobar a porcentaxe que lles hai que ceder de recadación ao ORAL (pois como é de recibo o ORAL queda cunha parte pola xestión das multas), polo que imos ir traballando

para que se recade o máis posible e que se faga a recadación de xeito completo dende o Concello da Estrada.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: *Vou seguir mantendo o meu voto negativo porque o Concello ten un departamento propio que se pode encargarse dese tipo de recadacións e como dicía a Sra. Louzao, e eu manifestei na comisión, se estamos traballando para poder recuperar no máis breve prazo de tempo posible para recuperar outros tributos como pode ser o IBI, cederlle este ao ORAL non parece moi lóxico; é dilapidar un pouquiño os recursos cos que conta o Concello.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Agradecer ao grupo socialista o seu voto de confianza porque é consciente de que a día hoxe o Concello non está en disposición de facer de forma óptima a recadación íntegra de todos os seus impostos e taxas. Pensamos que o BNG debería ser tamén consciente desta situación, que estamos poñendo a andar unha xestión tributaria practicamente nula ata o momento, e queremos contar cun servizo de inspección. Todo isto levará tempo e esforzo, e agardemos que dea uns froitos que esperamos que se poidan obter no prazo máis breve posible. Cando estea optimizado o sistema de recadación e xestión tributaria, sería o momento de empezar a recadar impostos, pois xa sairía dunha forma menos gravosa para o Concello; pero de aquí a alá levará un tempo, un esforzo, e agradecemos, volvo a repetir, o voto de confianza e agardemos tamén que o teñamos do BNG.*

Finalmente, adoptouse o seguinte Acordo, con vinte votos a favor dos Concelleiros do PP e do PSdeG-PSOE

Visto o Regulamento da Deputación Provincial do Servizo de colaboración na xestión das sancións de Tráfico, no que se prevé, entre outras cousas, a posibilidade de que o Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos (ORAL) asuma a xestión recadatoria das débedas por multas de Tráfico,

Considerando conveniente a realización destes labores pola parte do ORAL, dados os medios dos que dispón o Concello e dos que dispón o ORAL,

Vista a Ordenanza fiscal da Deputación de Pontevedra reguladora da taxa polos servizos de xestión, inspección e recadación que se prestan no ORAL,

Vistas as previsións do artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación,

Vista a competencia do Pleno da Corporación, de conformidade co sinalado nos artigos 22.2.p) e 47.2.h) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local,

Vista a fiscalización do expediente por parte do Interventor accidental,

Sometido o asunto a votación, prodúcese vinte votos a favor (PP e PSdeG – PSOE) e un en contra (BNG), polo que o Concello Pleno ACORDAMOS:

1º.-Delegar no Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación de Pontevedra (ORAL), as facultades de recadación en

período voluntario e executivo das débedas correspondentes a sancións por infracción á normativa xeral reguladora do Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade viaria e ás Ordenanzas Municipais de Circulación, comprendendo a dita delegación as seguintes facultades:

- A recadación das débedas tanto en período voluntario como executivo.
- O ditar a providencia de prema sobre as débedas non ingresadas en período voluntario.
- Liquidación dos xuros de prema.
- Determinación da data, forma e lugar do pagamento.
- Resolución e execución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Prestar asistencia e información aos interesados nos expedientes de sanción sobre as materias anteriores.
- Calquera outra facultade prevista no Regulamento Xeral de Recadación dos Tributos e normativa aplicable.

2º.-A contraprestación do Concello ao ORAL se producirá nos termos e alcance previstos na Ordenanza fiscal da Deputación de Pontevedra reguladora da taxa polos servizos de xestión, inspección e recadación que se prestan no ORAL.

3º.-A presente delegación realízase de modo permanente, sen prexuízo de que o Concello poida recuperar a competencia delegada cando o considere oportuno, mediando un aviso previo ó ORAL de 3 meses.

4º.-Facultar ao Sr. Alcalde para a firma de Convenio ou calquera outra documentación que resulte preceptiva para a plasmación efectiva do presente acordo.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE OUTUBRO DE 2011, AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre o 3 e o 28 de outubro de 2011, ámbolos dous incluídos. A Corporación queda sabedora

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: Vou ser máis breve do que acostumo, e incluso do que desexaría, para facer ben a nosa xestión como control ao goberno. Voume centrar; estes días, escoitabamos dicir que a cousa está mal, que o paro, que hai unha situación de crise, que temos que axudar dende as administracións..., algo que creo que todos sabemos e que todos estamos de acordo. É máis, o propio Sr. Alcalde dicía hai un momento que é moi importante xerar emprego; e iso é moi importante porque unha administración ten recursos que pode facer investimentos que á súa vez contrata e que son as empresas as que contratan

e poden xerar emprego. Esa é unha liña de traballo bo, é a que xera emprego axeitado, sobre todo se se fai o axeitado. Pero desafortunadamente estes días escoitabamos, ou neste caso, eu láo, certas críticas relacionadas cos comerciantes. Tamén nos teñen chegado a nós comentarios de certos autónomos dubidando que se estea empregando a famosa ferramenta do goberno para contratacións e compras. Por que preguntamos isto?, porque viamos nos decretos dos que se nos dá conta neste Pleno, viamos a contratación de distintos contratos de asfaltados, limpeza, como aforro enerxético, o arranxo do Concello..., e viamos neste caso cun pouco de tristeza como abundaban empresas que non son do noso Concello. Entón, a pregunta é se considera vostede que as empresas da Estrada neste momento de crise non están capacitadas ou non poden asumir os contratos que o Concello saca a contrato público.

Sr. Alcalde: *Sabemos e preocúpanos moito, o emprego e a situación que están a atravesar as nosas empresas. É algo ao que este goberno non pode ser alleo de ningún xeito. Nós o que temos tamén é que compatibilizar os recursos públicos. Para iso creouse unha plataforma á que eu lle convido que veña un día revisala e na que hai inscritas máis de 200 empresas e que son para aqueles subministradores que o Concello ten un consumo máis ou menos considerable e utiliza de forma asidua. Está claro que hai determinados contratos menores ou do día a día que non poden agardar a unha tramitación ou a unha plataforma de contratación. Para iso foi creada e eu creo que está funcionando dunha forma razoablemente óptima; de feito estamos permitindo conseguir aforros considerables respecto ao que se viña facendo ata o de agora. Estamos facendo un control importante sobre o gasto corrente e iso lévanos a ir polo camiño do aforro e de ter recursos para destinalos a eses investimentos produtivos e a eses proxectos, agardando tamén o momento da mellora da situación económica. Polo que comenta vostede das obras e das adxudicacións, vostede creo que formou parte do goberno anterior e vostede sabe que houbo algunha empresa que fixo algunha obra que a fixo tamén durante o seu goberno, non unha senón varias das que fixo algunha das obras nos últimos meses, que vostedes critican, e tamén é certo que hai algunha empresa como pode ser a de aforro enerxético que non estaba certificada para facer ese tipo de obras, como tamén pasaba cando vostedes estaban no goberno. Exactamente igual, exactamente as mesmas obras con empresas que non están certificadas para facer ese tipo de traballos e estas obras, supoño que vostede estará comigo en que hai que facelas, e se hai que facelas, haberá que acometelas con aquelas empresas que teñan garantías suficientes. E a nosa idea e a nosa intención non é por desgraza ter 14 millóns de euros para repartir como vostedes repartiron na súa etapa de goberno. Seguramente se tivéssemos esa cantidade de diñeiro investiríamos doutra forma e xestionado doutra maneira, pero por desgraza non a temos, a situación nosa é a inversa, temos xustamente a contraria, temos moi poucos recursos e cos poucos recursos que temos, teremos que ir acometendo as prioridades con este goberno e teremos que ir poñendo pasos firmes pero pequenos de cara a esa recuperación económica e que a situación xeneralizada empece a cambiar e que A Estrada tamén poida ter o seu lugar e o seu camiño nesa senda de progreso, pero de momento é moi difícil e por desgraza somos moi pobres, ata para poder licitar obras, e polo tanto quen me dera a min vivir dous anos atrás, pero o que me toca é vivir o futuro e un non elixe o momento en que lle toca gobernar, elíxeno os veciños e ten que asumir esa responsabilidade, o cal eu, dende logo, e este goberno, asúmeno con toda a responsabilidade e capacidade posible.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: *Efectivamente, foron dez minutos de resposta nos que vostede nos falou de cousas das que xa nos ten acostumados. Pero a pregunta era se considera vostede se as empresas da Estrada están capacitadas si ou non, nada máis.*

Sr. Alcalde: *Si considero que están capacitadas.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE: *Ben, pois agardamos que esa confianza se traduza en invitacións que fai o Concello a empresas da Estrada. Ía dicir que vaia por diante que estabamos acostumados a ese tipo de respostas e entón seguiremos aquí, pois como ben dicía vostede é vostede o alcalde e aí está. Imos facer agora un rogo pola miña parte que foi que xa o puxemos en coñecemento do primeiro tenente de alcalde e concelleiro do rural que é que na parroquia de Aguións parece ser que nos informan os veciños que hai un pozo da rede de sumidoiros que cando son as chuvias e demais, verte fóra; e dinnos que estiveran*

por alí os do Concello pero que non fixeran nada; e entón pregamos que se despracen os operarios oportunos ao lugar e que poña remedio a esta situación que nos veñen denunciando os veciños de Aguións.

Sr. Alcalde: *Pola información que temos ese problema foron solucionalo esta semana os propios operarios municipais e en principio o que nos trasladan a nós é que está solucionado, ou en principio é a idea que temos, pero no caso de que non sexa así, poñerémonos en contacto cos operarios e intentarémoso solucionar.*

Sr. Dono López do PSdeG – PSOE: *Quería facer unha pregunta ao Sr. Alcalde sobre unha cuestión que eu creo que é preocupante e pode traer problemas no futuro, pois como é sabido por todos hai unha solicitude de licenza para ampliación do cemiterio municipal e tamén é sabido por todos que hai unha forte resistencia a esa ampliación por parte de polo menos un veciño, que eu saiba, e tamén podó asegurarse aquí que esa oposición vai chegar ata as últimas consecuencias. Tendo en conta a historia do urbanismo estradense e a cantidade de licenzas que se anuláron, algunhas con derrubos incluídos, Codeseda, Iryda pendente e algunha que outra máis, tendo en conta o que pasou co cemiterio de Cora que Sanidade tivo que derrubar, houbo que sacar defuntos que xa foran inhumados neses nichos (un lío tremendo)..., e paréceme a min que se non andamos dilixentes vaimos volver a pasar este tema. Entón a miña pregunta (e xa lle digo que me consta fehacientemente, e cónstame que a reclamación xudicial vai chegar ata o Supremo, se fose necesario), polo tanto creo que sendo necesaria a ampliación, pois hai demanda de nichos no Concello da Estrada, entendo que debería facerse. E a pregunta é se o grupo de goberno ten pensado solucionar este problema dunha vez por todas, sen que interveñan os tribunais.*

Sr. Alcalde: *Pois a non ser que vostede teña máis información da que teño eu neste momento e algunha teño, creo que coñezo a versión das partes implicadas e reuníme con cada unha delas. Sorpréndeme que vostede diga categoricamente que o Concello vai cometer unha ilegalidade, pois non sei se vostede deixou feitas ilegalidades, pero este goberno de ningunha maneira. Vostede está ameazando co que pode pasar se se concede esa licenza, unha licenza ten un trámite en urbanismo, medio ambiente, municipal e que evidentemente ten que ir pasando eses trámites, de feito que é un expediente que comezou cando vostedes eran goberno, e pola información que eu teño parece que había moi boa predisposición naquel momento por vostede de botar a andar esta iniciativa, por parte do que me traslada a min o propio representante da Igrexa, que di que había moi boa predisposición e que o goberno anterior apoiaba de forma decidida a ampliación dese cemiterio. Non sei se cambiáron as tornas, pero nós imos velar pola legalidade desa actuación. Acabou o proceso de alegacións, están sen resolver as alegacións que presentáron os veciños no seu momento, estudáron os técnicos municipais, pois os técnicos son os que teñen que dicir a última palabra e teñen que ter constancia dos trámites todos, dos informes sectoriais que teñen que ir pedindo e facendo ese proxecto, e dicindo o que se pode ir facendo. Eu confío na capacidade dos técnicos, de momento non vou máis alá: Entendo que existe máis alá, entendo que haxa preocupación e do descontento dalgúns persoas, que é lexítimo que defendan os seus intereses como calquera e paréceme razoable, e tamén sei a posibilidade que abre a lei do solo á ampliación dun cemiterio, e tamén sei que cumpridos os trámites imos intentar prexudicar o menos posible a todos os titulares, e imos ver se hai algún trámite e se hai algunha pedra no camiño, con algún informe dalgún organismo sectorial, ou se subsana ou evidentemente os promotores desa iniciativa terán que reconsiderar o seu proxecto, pero confiemos na administración e nos técnicos, ao final nós aí pouco temos que dicir, se nos din que se pode facer haberá que conceder licenza e se nos din que non se pode facer, dende logo haberá que denegalo, esa é a situación real.*

Sr. Dono López do PSdeG – PSOE: *Non sei se non me expresei coa suficiente claridade ou non me entendeu para nada. Nin estou dicindo que se cometan ilegalidades nin que se cometesen no pasado nin que se vaian cometer no futuro, nin a miña pregunta tiña que ver con iso. O único que fixen foi unha exposición de cuestións nas que todos estaremos de acordo, as evidencias son evidencias que non son opinións miñas. Quero dicir que dar unha*

licenza, iso no futuro non é definitivo, pois en Cora houbo que derrubar. A miña pregunta non ía no sentido de se se lle dera licenza ou non, pois iso, como sabemos todos, dependerá se os informes técnicos son favorables ou non. A miña pregunta era se o goberno ten pensado tomar algunha medida para solucionar o problema da Estrada, non sei se creando un cemiterio municipal ou buscando unha ubicación que non cree conflito, esa era a miña pregunta, para nada que ver se a licenza lla hai que dar ou non, pois temos constancia de varias sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia denegando licenzas, é dicir tampouco dando licenzas nos libramos de que haxa lío no futuro cos propietarios. A miña pregunta é se o goberno ten pensado a través dun cemiterio municipal ou buscando unha ubicación para a Igrexa para un novo cemiterio, pois pódolle comunicar que me consta que isto vai chegar ás últimas consecuencias.

Sr. Alcalde: Vou intentar responder máis claramente á súa pregunta. Estou dicindo que está claro que nesta vida nada é seguro, se imos por esa base, está claro que calquera resolución administrativa pode ser recorrida, polo tanto pode chegar ata as últimas consecuencias, está no seu dereito. Este goberno o que vai facer é dar todos os pasos para que ese paso teña todos os informes, para que como é preceptivo sexa legal. Con respecto á súa pregunta, quérolle recordar que a ferramenta para poder plantexar un novo cemiterio ou unha nova ampliación na Lei 2/2010 permite as ampliacións dos cemiterios, mentres que un novo cemiterio parroquial ten que ir vinculado a un novo documento de Plan Xeral, documento no que vostedes estiveron traballando e que puideron ter contemplado e que curiosamente non aparece por ningún lado ningún solo reservado para facer ningún cemiterio municipal. Esa é a realidade e é o documento e a base do documento sobre o que estamos traballando. Sabe vostede que na construción de solo rústico a lei permite a ampliación de cemiterios, pero que a construción de novos cemiterios é moito máis restritiva e moito máis complexo sacar adiante o novo cemiterio en solo rústico. Parece que o razoable sería vincular no desenvolvemento urbanístico da Estrada, me parece que é o máis sensato...; se imos vincular unha ferramenta de desenvolvemento urbanístico o máis sensato é que se fixese unha previsión de onde ía se o goberno tivese algunha idea de onde ía ir ubicado un posible cemiterio municipal; de feito nin está nin aparece por ningún lado. O goberno anterior non tiña previsto facelo e este goberno o que está é tramitando unha iniciativa privada dunha ampliación dun cemiterio que vai levar o seu camiño e no seu momento a min non me consta que haxa ningunha demanda de veciños para unha actuación municipal; sei que hai unha demanda de veciños para facer nichos no Cemiterio Parroquial e non nos consta que se fixese ningunha para un cemiterio municipal. Conste que se aparece e hai demanda pois o goberno poderá valorar diferentes opcións, pero o certo é que agora mesmo na situación que temos o Plan Xeral parece que é moi arriscado poñerse a facer modificacións que non estivesen previstas ou recollidas por parte de quen tivo a responsabilidade de facer o documento anterior.

Sr. Dono López do PSdeG – PSOE: Eu só facerlle un rogo, que é que consulte co redactor do Plan e verá como non é necesario, nin a lei o esixe, que verá que non é necesario que se reserve terreo para o cemiterio en ningún lado.

Sr. Alcalde: Creo que agora o que se explicou mal fun eu, digo que agora as ampliacións en cemiterios si están permitidas en solo rústico, díxenlle antes, pero paréceme razoable que se estamos ondeando urbanísticamente un concello, paréceme razoable que alguén expoña a posible ubicación dun cemiterio nunha zona que alguén prevea como solo urbanizable, zona verde, solo rústico..., parece razoable que un documento de Plan Xeral non pase por alto a posible ubicación dun cemiterio municipal; e entendo que para iso se aproba unha ferramenta de ordenación urbanística, e que algo tan impactante, como di vostede, con tantos problemas como pode xerar a situación dun cemiterio, parece raro que nun PXOM non apareza referenciado por ningún lado, e a nós non nos consta. Pero xa dicimos: no caso de que exista demanda veciñal, tendo en conta que no PXOM non se contemplou esa posibilidade cando é un elemento principal na ordenación urbanística, podemos empezar a valorar esa posibilidade, se hai esa demanda, de empezar a traballar na elaboración do documento, iso si será a referencia e a folla de ruta a nivel urbanístico onde deben contemplarse todos eses tipos de posibilidades e desenvolvementos urbanísticos.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Vou deixar o tema do cemiterio, pois aínda daría para seguir debatendo moito. Varias preguntas que algunhas xa se trataron no Pleno pero vexo que seguen sen resolverse. Unha sería se é coñecedor o Concello das obras que vai realizar a Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas para subsanar as deficiencias que presenta o muro de Figueroa. Este tema xa se sacou aquí, o muro cada vez cedeu máis.

Sr. Alcalde: Nós fixemos a xestión como lle dixen no anterior Pleno diante da Xefatura territorial de medio ambiente territorio e infraestruturas. Dentro do Servizo de infraestruturas dinnos que están facendo unha inspección semanal e nós comunicámoslles ese perigo. E é certo que é competencia desa Consellería. É certo, pódollos asegurar, que lles estamos insistindo para que o solucionen o máis rápido posible, pois entendemos que hai perigo importante e eu que paso por alí tamén, apréciase como se está desprazando ese muro e agardemos que se solucione canto antes. De feito, estábame comentando o concelleiro que volvemos e volvéronme a comentar outra vez e volvemos falar con eles para dicirlles da urxencia da actuación e que actúen con máis preferencia sobre este tema.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Como veña un inverno como o que hai un par de horas tivemos, e como haxa unha desgraza, logo as desgrazas hai que pagalas. Outro tema que tamén xa trouxen a este Pleno e non ten resposta e vexo que se está actuando, son varias preguntas, voullas facer todas, é un tema que ten que ver co aforro enerxético. Cal é o custe da retirada dos puntos de luz que se están levando a cabo por parte do Concello? Cantos puntos se retiraron ate o de agora?. Cantos se teñen pensado retirar?. Cando se rematarán os traballos?. Canto aforra o Concello con esta medida?.

Sr. Alcalde: Esa pregunta, como lle comentei no último Pleno, é un tema que lles pasaremos cando rematemos coa fase de apagamento de puntos de luz; de feito, xa se leva feito unha fase importante, é certo que detectamos unha serie de problemas á hora de actuar, hai que dicilo así, e replantexouse a estratexia por parte deste goberno para intentar actuar sobre todo naqueles sitios onde non exista vivenda, parada escolar, cruce perigoso, escola unitaria onde se fan actividades, senón priorizar esa actuación naquelas travesías que aparecen excesivamente iluminadas e que non parece normal que nunha situación con este apuro económico o Concello estea soportando un gasto tan elevado. Estamos falando de que o aforro enerxético consume unha parte moi importante do gasto corrente na iluminación pública e sei que os veciños entenden que hai que facer un esforzo e tamén é verdade que houbo algún problema nalgunha vivenda que non se respectou este criterio establecido e iso levounos a parar un pouco este proceso e planificar dunha forma mellor e intentar buscar o menor prexuízo posible para todos os veciños e non é un tema fácil. O que imos intentar é reorganizalo para acometelo parroquia a parroquia, senón parece que están nun sitio e logo non volven ata o cabo dunha semana e parece que se está facendo dunha forma pouco homoxénea; o que queremos é facelo dun xeito un pouco homoxéneo e facer un corte en torno ao mellor 15 ou 20 por cento dos puntos de luz, que non é excesivo neste momento, e sobre todo si supón un custo importante para o concello e creo que neste momento debemos apertar o cinto, e creo que os veciños así o entenden e comparten tamén. Pero cando teñamos organizado o servizo e os datos máis ou menos claros, pódolle garantir que vostede terá cumprida resposta ás súas preguntas e darémoslle a información necesaria.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Iso é precisamente o que lle preguntara naquel Pleno, cal era o plan que vai seguir, precisamente para evitar este tipo de cuestións. E os veciños si comprenden o que hai que facer, pero mal acostumáronos durante tantos anos, que entón se agora á xente se lles explica o que ás xentes lles vai traer e os veciños ven que se van cortar os puntos de luz por todo o Concello, incluído o casco urbano...; pois unha das queixas que máis nos están a transmitir é “pero o casco urbano segue iluminado como se fose...” que sei ben que non é así. Pero iso é ben que se lle explique ao cidadán e que sexa coñecedor de que medidas se van tomar, pois acostumarnos a vivir ben acostumámonos moi fácil, pero perder certos costumes xa é máis complexo, entón hai que explicalo ben.

Sigo facéndolle un par de preguntas máis, esta non lle vai gustar, xa llo anticipo, e a pregunta é por que non se empregou o pagamento por transferencia para entregar as cantidades ás entidades deportivas.

Sr. Alcalde: Pois claro que me gusta a pregunta Sr. Magariños, como non me vai gustar, ademais ultimamente e sospeitosamente coincido bastante con vostede, non sei se estaremos de acordo; paréceme moi razoable a súa postura e comparto máis os seus argumentos e iso seguramente é bo para todos. Iso non quere dicir que nos acerquemos nós a vostede ou vostede a nós, pero paréceme razoable e está claro que lle contestarei da mellor forma. En relación ao tema das subvencións deportivas, entendemos que detectamos algún tipo de problemas e estabamos vendo problemas nalgún tipo de xustificacións á hora de poder facer o pagamento e de presentar a xustificación por parte dos clubs, retrasos que ás veces poñían aos clubs en situacións difíciles nestes momentos. Entón para intentar dicirlles un pouco cal ía ser a idea sobre o futuro da actividade deportiva no Concello e ademais que recibisen ese cheque e xustificar no momento a documentación, o que viamos que era máis áxil, cercano e próximo a eles e explicarlles como e cales ían ser os pasos adiante que ía dar o goberno no ano que vén e explicarlles cales ían ser as previsións para que eles tamén vaian sabendo en que escenario orzamentario nos movemos. E ninguén vai ser alleo a un axuste nos orzamentos, polo que nos pareceu que era un contacto directo e próximo con eles para poder explicarlles e axilizar o pagamento e que puidesen ter antes o diñeiro que en moitos casos nos trasladaban que era necesario para poder seguir coa súa actividade, por iso nos pareceu a forma máis axeitada.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Esperemos que sexa un caso puntual, pois como ben marca a lexislación os pagamentos débense facer por transferencia agás casos puntuais, polo que desexamos que os pagamentos se realicen por medio de transferencia que é como marca a lei. E outra pregunta é se puxo Intervención algún tipo de reparo a este método empregado.

Sr. Alcalde: Non me consta que houbese ningún tipo de reparo, pois como noutras ocasións se ten feito, é un sistema recoñecido e dende logo pódese xustificar e facer sen ningún tipo de problema. O máis conveniente, e faise no 99% dos casos, é facer a transferencia bancaria que é o que se fai habitualmente. E neste caso, como un método máis de pagamento e como forma legal, fíxose a través dos cheques.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Non, se eu non lle estou cuestionando a legalidade, o que pasa é que si dá unha imaxe que agardemos que non se repita. E o outro é un rogo que xa se trouxo e contou co apoio de todas as forzas políticas. E o rogo é que nos trasladan os veciños de Veá que se realicen os trámites necesarios para que se adecúe o firme da estrada da Portela a Souto de Veá que igual que a estrada Callobre–Ponte Ledesma está nun estado lamentable; e repito, sempre contou co apoio das forzas políticas deste concello; e entón, faga valer a súa condición de deputado provincial para que se solucione dunha vez.

Sr. Alcalde: Unha vez máis estou de acordo con vostede Sr. Magariños, non podo máis que dicilo publicamente, a verdade é que si está nun estado pouco recomendable tanto un vial coma o outro, e dende logo é unha asignatura pendente que temos poder acometer ese investimento. De feito, sabe vostede que a semana pasada se presentou unha iniciativa no Pleno da Deputación que era unha iniciativa que tiña certos tintes políticos e o que se pretendía era facer unha actuación integral con novas beirarrúas..., un proxecto que ía aproximadamente a máis de 5 millóns de euros, para acondicionar neste momento, nesta situación e coa caída de ingresos que están tendo todas as administracións...; evidentemente o que si está claro é que esa estrada necesita unha actuación rápida, está claro que ese firme hai que melloralo e ademais, vouno dicir publicamente, comprométeme a buscar unha solución neste ano para ese vial que ten un tráfico importante que une unha estrada nacional cunha autonómica cunha densidade de tráfico importante e dende logo que é unha das arterias de comunicación máis importante coa que une Liñares con Ponte Ledesma. Por iso, en materia de infraestruturas internas do noso concello hoxe en día esas son as dúas maiores carencias que temos e as dúas prioridades, pero estamos falando “grosso modo” que para solucionar e facer unha actuación máis ou menos importante en Portela e Souto de Veá imos necesitar do entorno de catrocentos ou cincocentos mil euros, cantidades bastante considerables. E na estrada de Liñares – Balboa posiblemente necesitemos para facer un acondicionamento do firme, cantidades superiores a esa, seguramente a setecentos ou

oitocentos mil euros. Son cifras que hoxe en día este Concello non ten capacidade para facelas e non é competencia ademais deste Concello, e que intentaremos, na medida do posible, conseguir na Deputación. Así como se conseguiu o ensanche na ponte de Pernaviva, que era outra demanda importante por parte dos veciños desa zona, consigamos sacar adiante eses dous proxectos que están dentro do mapa de prioridades deste goberno.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, o alcalde desexa felices festas a todos os concelleiros/as levántase a sesión ás vinte e unha horas e cincuenta e sete minutos.

A Estrada, 1 de decembro de 2011

O SECRETARIO

Asdo.: José Naveira González